



A "APDR" CONSIDERA CONTRARIA Á LEI A CONCESIÓN DAS "AUTORIZACIÓNS AMBIENTAIS INTEGRADAS" A ENCE E ELNOSA.

Para a "Asociación Pola Defensa da Ría" de Pontevedra, colectivo ecoloxista integrado na FEG e que ven liderando desde hai 20 anos a loita contra a presenza do complexo ENCE-ELNOSA na Ría de Pontevedra, a concesión pola Consellería de Medio Ambiente das AAI á CELULOSA e á electroquímica ELNOSA supón unha burla á cidadanía de Pontevedra, un incumprimento do acordo programático asinado entre PSOE e BNG no momento de chegar ao goberno da Xunta de Galicia e un paso máis na política de sometemento da Consellería que dirixe Pachi Vázquez aos intereses da empresa ENCE.

Para a APDR a concesión das AAI a ENCE e ELNOSA responden a criterios puramente políticos e mesmo electorais e non a criterios medioambientais, único obxectivo que persigue a Lei 16/2002 de control integrado da contaminación que regula as ditas autorizacións ambientais. En efecto, a decisión da Consellería estaba tomada con anterioridade á exposición pública da documentación presentada pola empresa ENCE e en ningún dos casos se tiveron en conta os Informes de compatibilidade urbanística emitidos polo Concello de Pontevedra, informes que eran negativos e que de acordo coa Lei teñen carácter vinculante e implicarían a denegación das autorizacións. Ademais, a concesión das autorizacións ten moitos aspectos irregulares: incumpríuse o prazo de 10 meses fixado pola lei para a súa tramitación (ENCE solicitou a AAI no 2004 e ELNOSA no 2006), o que debera levar á denegación das autorizacións; entre a documentación presentada por ENCE non figura o Informe de compatibilidade urbanística do Concello de Pontevedra (nin a súa solicitude) o que invalida a propia solicitude de autorización; por último, nin ENCE nin ELNOSA cumpren a lexislación medioambiental de aplicación, razón de abondo para denegarlle as autorizacións ambientais. En efecto, tanto ENCE como ELNOSA incumpren o RAMINP (Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas) que esixe para este tipo de actividade industrial unha distancia mínima de 2.000 m ao núcleo de poboación máis próximo, e a CELULOSA incumpre boa parte dos parámetros de vertido fixados na súa licenza de vertido, en concreto os relativos á DBO, DQO, Sólidos en Suspensión e Fósforo total.

Doutra banda, a decisión da Consellería de Medio Ambiente entra en clara contradición co acordo programático de goberno asinado polo PSOE e o BNG á súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia, pois supón na práctica a consolidación do complexo ENCE-ELNOSA no actual emprazamento na Ría de Pontevedra.

Descoñecemos aínda os termos concretos da resolución da Xunta de Galicia e, xa que logo, como se razoa a concesión das AAI por 3 anos e que tratamento se lle deu ás alegacións presentadas pola nosa asociación e por milleiros de persoas da nosa bisbarra, pero en calquera caso desde a APDR imos presentar recurso de alzada fronte a esta resolución e agardamos da Xustiza que prevaleza a legalidade, a defensa do medio ambiente e os dereitos da maioría fronte á arbitrariedade, a ilegalidade e a defensa dos dereitos particulares das empresas ENCE e ELNOSA.

Pontevedra, 09.05.08.